


CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE
SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE
VILAGARCÍA DE AROUSA PARA A XESTIÓN E COFINANCIAMENTO DA
ESCOLA INFANTIL DE VILAXOÁN DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE
AROUSA

REUNIDOS




Dunha parte, Fabiola García Martínez, Conselleira de Política Social, en virtude da súa condición de Presidenta do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, segundo o previsto nos artigos 13 e 18 dos estatutos que o regulan publicados no DOG núm. 131 do 7 de xullo de 2006.

Doutra parte, Alberto Varela Paz actuando en representación do Concello de Vilagarcía de Arousa, en virtude da súa condición de Alcalde Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

As partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN



PRIMEIRO.- Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (en diante o Consorcio), creado en virtude do convenio de colaboración suscrito o día 3 de xullo de 2006, de acordo co artigo 6 dos seus estatutos, publicados no DOG do 7 de xullo de 2006, ten como misión primordial a participación na dirección, avaliación e control da

xestión dos servizos sociais de ámbito local, (centros de prestación de servizos sociais de atención especializada e tamén centros de prestación de servizos sociais de atención primaria “cando así o solicite o concello interesado”).

Que o Consorcio naceu así, de acordo ás súas finalidades e competencias, co obxecto de implantar un modelo homoxéneo de prestación de servizos sociais e desta maneira:


- garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente;
- incrementar os niveis de cobertura, intensidade e calidade de atención dos distintos servizos e prestacións;
- Realizar unha distribución efectiva dos servizos e prestacións a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa, e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu contorno propio.

SEGUNDO.- Que a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, establece nos seus artigos 64 e 64 bis que a Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos co fin de asegurar a calidade e cunha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e ao mantemento de servizos sociais comunitarios específicos. Esta coordinación poderá levarse a cabo a través de fórmulas xurídicas adecuadas para tal fin, como as fórmulas de cooperación interadministrativa de natureza consorcial. Para estes efectos, a disposición adicional segunda da devandita lei fai referencia expresa ao



ConSORCIO Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o cumprimento deses obxectivos, ao estipular que o Consorcio promoverá a coordinación e cooperación efectiva cos concellos galegos co fin de asegurar unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio de Galicia.

Asemade, a Lei 13/2008 prevé no seu artigo 29.1 que os servizos sociais prestaranos as administracións públicas directamente ou, de maneira indirecta, a través das diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos establecidos na normativa reguladora dos contratos do sector público.



TERCEIRO.- Que con data de 11 de maio de 2016 a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) asinaron un acordo marco en relación co Consorcio no que se considera que a fórmula consorcial é un modelo idóneo para seguir prestando e cofinanciando servizos sociais de maneira conxunta e coordinada entre a Administración Autonómica e a Administración Local. Neste acordo marco enténdese prioritario para manter esa fórmula consorcial de colaboración, o establecemento dun modelo de cofinanciamento claro que garanta a viabilidade económica presente e futura dos servizos que se prestan no ámbito local polo Consorcio, quedando estipuladas as condicións deste cofinanciamento para os convenios que poidan asinarse cos concellos para a xestión destes servizos, nomeadamente, escolas infantís e centros de día.

En desenvolvemento do referido acordo marco, foi aprobado o réxime de cofinanciamento nos servizos prestados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar en colaboración cos concellos e mancomunidades regulado no artigo 69 da Lei 2/2017, de 8 de febreiro,

de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (DOG núm. 28, do 9 de febreiro).

CUARTO.- Que o Concello de Vilagarcía de Arousa adheriuse ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio de Convenio asinado con data do 7 de agosto de 2006.

QUINTO.- Que o Concello e o Consorcio, asinaron o 3 de abril de 2009 un convenio de colaboración para a xestión da Escola Infantil do Concello de Vilagarcía de Arousa, integrada na rede galega de escolas infantís xestionada polo Consorcio.

SEXTO.- Que o Concello acometeu a construción dunha nova escola infantil en Vilaxoán, co fin de dar resposta á demanda de prazas de educación infantil 0-3 existentes no concello, sendo a vontade das partes que a súa xestión e cofinanciamento se leve a cabo a través do convenio asinado para tal fin, segundo os criterios previstos no réxime de cofinanciamento nos servizos prestados polo Consorcio en colaboración cos concellos regulado no artigo 69 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (DOG núm. 28, do 9 de febreiro).

Que de conformidade con todo o exposto, as partes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscrición do presente convenio coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer o marco de colaboración para asumir a xestión e cofinanciamento da Escola infantil situada na rúa Miramar, 19-21 en Vilaxoán no Concello de Vilagarcía de Arousa descrita no anexo I do presente convenio, co fin de garantir o funcionamento desta a partir do curso escolar 2019/20.

SEGUNDA.- Xestión da Escola infantil

O Consorcio asumirá a dirección, avaliación e xestión do dito centro de acordo cos Estatutos que o regulan, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, o Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais de Galicia, o Decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia e demais normativa de aplicación.

TERCEIRA.- Obrigas das partes

- a) O Concello cede ao Consorcio, en virtude do presente convenio, o uso do inmovible destinado a Escola Infantil, detallado no anexo I, comprometéndose a facilitar ao Consorcio toda a documentación correspondente ao inmovible, incluíndo planos actualizados deste, o libro de edificio, os boletíns das instalacións, así como calquera outra que, de ser o caso, puidera resultar necesaria para o desenvolvemento dos termos previstos no presente convenio.
- b) O Consorcio comprométese, en virtude do presente convenio, ao amoblamento da escola infantil, así como á tramitación diante dos

servizos correspondentes do permiso de inicio de actividade da escola. Neste sentido, o Concello será responsable, na súa condición de titular do inmovible e promotor da súa edificación, da emenda de todas aquelas deficiencias que, de ser o caso, puideran ser detectadas nesta, debendo garantir o cumprimento de todos os requisitos esixidos para a apertura e o correcto funcionamento da escola infantil.

O importe correspondente ao amoblamento da escola infantil ascende a 100.000 euros e realizarase con cargo á partida 12 90 313B 6220 dos orzamentos do Consorcio.



Esta achega financiarase nun 80% polo *Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, Obxectivo Temático: 10. Prioridade de Investimento: 10.5. Obxectivo específico: 10.5.1.*

c) Ao Consorcio correspóndelle a xestión da Escola infantil, de calquera das formas previstas na lexislación vixente, segundo o previsto na cláusula segunda do presente convenio.

d) O Concello asume, en virtude do presente convenio, a obriga de contribuír ao financiamento dos gastos de funcionamento do centro (gasto corrente – capítulos I a IV –) para o cal transferirá anualmente ao Consorcio, durante todo o período de vixencia do convenio, un importe de 900 euros/ano por cada unha das prazas ocupadas por persoas usuarias da Escola infantil, segundo se establece no anexo II do presente convenio.

e) Ademais, o Concello asume en virtude deste convenio, a prestación dos seguintes servizos:

- Mantemento do edificio e exteriores, incluíndo obras e labores de mantemento do edificio preventivos e/ou correctivos, conservación e mantemento das instalacións, estrutura arquitectónica e instalacións de enxeñerías.
- Mantemento do sistema de detección, extinción e plan de evacuación do centro.
- Reparación e reposición de electrodomésticos.
- Plan de augas e tratamento antilexionela.
- Mantemento da ACS e climatización das instancias.
- Limpeza integral do centro (limpeza diaria e extraordinaria).
- Sistema de vixilancia e seguranza do centro, alarmas de seguridade e incendios.
- Subministrados de auga, electricidade, gasóleo/gas e mantemento das instalacións de acometidas de enerxías e subministracións, así como saneamento e recollida de lixo, en base á norma de medio ambiente e dotación material para o mesmo.
- Teléfono e ADSL.
- Mantemento dos sistemas de sinalización, ubicación e balizamento de ser o caso, mantemento dos sistemas de seguridade viaria.
- Servizos de Protección Civil ou aqueles outros que fosen necesarios para situacións de emerxencia.



No caso de que o Concello non asuma algún dos servizos expresados neste apartado, a achega en metálico prevista no apartado b) incrementarase co custo que asuma o Consorcio por ese concepto debidamente xustificado.

f) As achegas comprometidas polo Concello en virtude do presente convenio terán a consideración de débedas firmes, líquidas e esixibles e poderán ser obxecto de compensación coa participación deste no Fondo de Cooperación Local, de acordo co disposto na súa regulación.

No non previsto nos apartados anteriores, será de aplicación no artigo 69 da Lei 2/2017 de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (DOG núm. 27, do 9 de febreiro).

CUARTA.- Protección de datos de carácter persoal


As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva do cumprimento do obxecto previsto neste convenio e á observancia das obrigas establecidas en relación co seu tratamento, de conformidade co previsto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e o disposto no Real Decreto 1720/2007, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da referida lei orgánica e, en todo momento, as disposicións vixentes na materia.

QUINTA.- Comisión de seguimento

Créase unha comisión mixta para a vixilancia e seguimento do convenio que estará integrada polo Alcalde do Concello e a persoa titular da xerencia do Consorcio ou persoas en quen deleguen.

As funcións desta comisión serán as seguintes:


- Avaliación dos resultados da execución do convenio.
- Resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do convenio.
- Resolución dos problemas que se presenten na execución do convenio, garantindo o desenvolvemento normal dos compromisos adquiridos.
- Adopción de acordos relativos ás xustificacións previstas na cláusula 3. c).
- Adopción de acordos relativos ao cofinanciamento de gastos de investimento no centro que, de ser o caso, serían deducidos da achega que lle corresponda ao Concello, nos termos previstos no apartado 4º do anexo I do acordo marco asinado con data de 11 de maio de 2016 entre a Consellería de Política Social e a FEGAMP en relación ao Consorcio.



SEXTA.- Duración e entrada en vigor

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, estendendo os seus efectos desde esta data, e terá unha duración de catro anos. Non obstante, en calquera momento antes da finalización do dito prazo poderase acordar unanimemente por ambas as partes a súa prórroga por un período de ata 4 anos adicionais ou a súa extinción.

O disposto no parágrafo anterior, respecto dos efectos do presente convenio, entenderase sen prexuízo das previsións contidas no artigo 69 da Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (DOG núm. 28, do 9 de febreiro).



SÉTIMA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- a) O acordo das partes asinantes.
- b) O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- c) A concorrencia de circunstancias que determinen a imposibilidade de realizar as actuacións previstas no convenio.

OITAVA.- Publicidade

O convenio será obxecto de publicación de conformidade co artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e, consonte o previsto no Decreto 126/2006 polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o Consorcio remitirá ao órgano correspondente, orixinal e copia compulsada deste convenio, unha vez asinado, para os efectos de inscrición no devandito rexistro.

As partes comprométense a asumir a responsabilidade de adoptar as medidas necesarias para facer chegar ao público información sobre as operacións financiadas polo PO FEDER de acordo co estipulado no artigo 2.2 do Anexo XII do Regulamento (UE) 1303/2013.

NOVENA.- Natureza e réxime xurídico aplicable

O presente convenio terá carácter administrativo. Os seus efectos rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo e no, non previsto, aplicaráselle os principios do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse.

As cuestións litixiosas que xurdan respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas, en primeira instancia pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula quinta deste convenio. Os conflitos que poidan xurdir entre as partes, e que non poidan resolverse no seo da devandita Comisión de Seguimento, someteranse á resolución da xurisdición contencioso-administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por triplicado exemplar no lugar e data expresados.

En Santiago de Compostela a 11 de abril de 2019

A PRESIDENTA DO CONSORCIO GALEGO DE
DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

Asdo. Fabiola García Martínez

O ALCALDE DO CONCELLO
DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Asdo. Alberto Varela Paz



ANEXO I


A Escola infantil de Vilaxoán para cuxa xestión e cofinanciamento se subscribe o presente convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Vilagarcía de Arousa, está ubicada na rúa Miramar, 19-21 Vilaxoán, no Concello de Vilagarcía de Arousa, nunha parcela de titularidade municipal.

A escola infantil ten unha capacidade máxima de 6 unidades e 82 prazas, sendo a dispoñibilidade inicial de 74 prazas.




ANEXO II

De conformidade coas previsións contidas no artigo 69 da Lei 2/2017 de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (DOG núm. 27, do 9 de febreiro), dando cumprimento ao establecido no Acordo marco FEGAMP– Consellería de Política Social en relación ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do 11/05/2016, o Concello transferirá anualmente ao Consorcio, co fin de contribuír ao financiamento dos gastos de funcionamento do centro, durante todo o período de vixencia do convenio, un importe de 900 euros/ano por cada unha das prazas ocupadas por persoas usuarias da Escola infantil, ademais de asumir o mantemento do centro, segundo o previsto na cláusula 3.c) do presente convenio de conformidade co apartado 3º do anexo I da antedita Lei 2/2017.



O número máximo de prazas para a Escola infantil é de 82 prazas de conformidade coa autorización do inicio de actividade -PIA- a expedir polo órgano con atribucións en materia de autorización e inspección da consellería da Xunta de Galicia con competencia en materia de servizos sociais.



A liquidación das achegas económicas do Concello realizarase semestralmente, unha vez coñecido o nivel de ocupación e persoas usuarias de cada semestre, remitíndose dúas liquidacións, unha correspondente á matrícula da primeira metade do curso escolar iniciado no mes de setembro inmediatamente anterior, e outra correspondente á segunda metade restante do curso escolar, incluíndose nesta as modificacións de matrícula que no seu caso se puideran producir no período extraordinario de matrícula. Sen prexuízo de poderen ser

remitidas cunha periodicidade distinta, sempre que así se acorde por ambas partes. Para o cálculo da achega terase en conta a matrícula real de cada curso escolar, sen distinción do horario que teña cada neno/a usuario/a, e sempre co límite do número máximo de prazas establecido no parágrafo anterior.

En todo o non previsto neste anexo, será de aplicación o artigo 69 da Lei 2/2017 de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (DOG núm. 27, do 9 de febreiro).



